

-RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA-**Expediente: C/902/2017**

Este Concello ten como unha das súas prioridades o mantemento e limpeza da maleza nas infraestruturas rurais, determinadas fincas e as redes secundarias de faixas de xestión de biomasa e a prestación de toda clase de servizos que sexan da súa competencia.

Neste sentido é intención deste Concello contar cun novo vehículo tractor desbrozadora, para dar cumprimento aos servizos mínimos obrigatorios e competencias atribuídas polos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985, reguladora das Bases do Réxime Local.

Estimando axeitada e procedente a súa proposta, por entender que a materialización da mesma redundaría nunha mellora da prestación dos servizos por parte desta administración decidíuse iniciar a tramitación do correspondente expediente administrativo.

Por Providencia da Alcaldía de data 13.11.2017 iniciouse procedemento de contratación para a adxudicación do contrato o subministro de un TRACTOR CON DESBROZADORA polo procedemento de negociado con publicidade - tramitación urxente

A urxencia na tramitación motivase na concesión dunha axuda da Consellería de Medio Rural, por importe de 90.000 euros, que deberá estar xustificada antes do vindeiro 10 de decembro de 2017, e os prazos establecidos na LCSP para a tramitación do procedemento correspondente segundo o importe e características do subministro.

Con data 13.11.2017 aprobouse o expediente incluído os correspondentes Pregos de Cláusulas Administrativas e de Prescricións Técnicas, publicándose anuncio no Perfil do contratante do Concello de A Cañiza na data 15.11.2017.

A vista de que no Prego de Cláusulas Administrativas se establece no artigo 19 a *composición da mesa de contratación do seguinte xeito:*

Presidente: O Sr. Alcalde D.Miguel Adolfo Domínguez Alvarez.

Vogais:

- 1) Titular: O Sr. Secretario da Corporación D. Jacobo Barreiro Pimentel , ou funcionario que legalmente o substitúa
- 2) Titular: A Sra. Interventora da Corporación Dna. Nilsa Suarez González ou funcionario que legalmente a substitúa.
- 3) Titular: A Sra. Concelleira DªAna María Cerviño Alvarez : ou concelleiro/a que lle substitúa .
- 4) Titular: O Sr Concelleiro D.Carlos Ricón Moraña ou concelleiro/a que lle substitúa .

Secretaría: Dª. Anxos Rodriguez Varela

Considerando as competencias que establece a Disposición Adicional 2ª do Real Decreto Legislativo 3/2011 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público

RESOLVO:**DECRETO**

Número: 2017-0966 Fecha: 21/11/2017



PRIMEIRO: Convocar a Mesa de Contratación en sesión non pública a celebrar o próximo xoves día 23.11.2017 ás 14.00 horas.

Dacordo co establecido no artigo 19 do Prego de Cláusulas Administrativas, a mesa de contratación cualificará os documentos contidos no sobre "A" que foran presentados en tempo e forma. A estes efectos o Presidente da mesa, ou órgano correspondente, ordenará a **apertura do sobre A** e se observasen defectos materiais na documentación presentada, comunicarao verbalmente aos interesados e mediante Fax ou correo electrónico, facéndose público no taboleiro de anuncios, e concederá un prazo non superior a tres (3) días hábiles para que o licitador emende o erro, solicitando, se fosen necesarias, as aclaracións ou documentación complementaria a que a refire o artigo 82 do TRLCSP.

Unha vez cualificada a documentación a que a refire o Art. 146 do TRLCSP, e emendados, no seu caso, os defectos ou omisións da documentación presentada, procederá a **determinar as empresas que se axustan aos criterios de selección**, con pronunciamento expreso sobre os admitidos á licitación, os rexeitados e as causas do seu rexeitamento. Do mesmo xeito se procederá no caso de presentación da declaración responsable á que se refire o artigo 146.4 do TRLCSP.

Realizadas as operacións anteriores, procederá á **apertura do sobre B e á avaliación das proposicións nel contidas** conforme os criterios de adxudicación previstos no prego.

Poderá dispoñerse polo órgano encargado da apertura das plicas que as proposicións, as observacións que considere pertinentes, e a acta que se levante ao efecto, pasen a informe técnico, para que se pronuncie acerca da maior ou menor vantaxe das proposicións presentadas.

Así mesmo, a Mesa de Contratación poderá solicitar, antes de formular a súa proposta, cantos informes técnicos considere precisos sempre que se relacionen co obxecto do contrato.

Realizada esta primeira avaliación das proposicións polo órgano competente nos termos sinalados, levantarase acta polo Secretario, e procederá conforme o disposto na cláusula décimo sétima do PCAP, a fase de negociación.

SEGUNDO: Que se proceda a publicación desta Resolución no Perfil do contratante deste Concello

Documento asinado electrónicamente (art. 19 da Lei 11/2007) por MIGUEL A. DOMINGUEZ ALFONSO, Alcalde do Concello de A Cañiza, dando fe do mesmo, JACOBO BARREIRO PIMENTEL Secretario do Concello

